XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**IES de Mugardos**
Rúa do Cristo s/n
15620 MUGARDOS

Tel.: 881 938 200
ies.mugardos@edu.xunta.es

Estimados pais e nais:

Para o vindeiro mércores, **26 de outrubro,** a organización *Sindicato de Estudiantes* convocou unha folga no sector do alumnado. Asemade, a ANPA O Castro acordou secundar esta convocatoria para todos os niveis de ensino, desde 1.º ESO ata o Bacharelato.
Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:

> "*Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)*
>
> *De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.*"

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugardos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular. Inclúese tamén o comunicado da ANPA O Castro.

Seguindo o procedemento, a dirección do centrop agarda a que os pais e nais do alumnado, incluído nesta ocasión os de 1.º e 2.º ESO, asinen o recibo da información.

Por outra banda, lembramos que **os servizos do centro** (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito decidan asistir a clase**.

*O director*

- - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - - -

| | |
|---|---|
| COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA<br>Entregar en secretaría do centro con 24 horas de antelación ao comezo da folga. | *A cubrir pola secretaría do centro*<br>**DATA: ….... de ………………………. de 20…...** |

Don/a..........................................................................................DNI.............................

en calidade de nai/pai/titor legal de...........................................................................

alumno/a do curso......................... grupo......................

**COMUNICA** a recepción desta circular informativa sobre a folga estudantil convocada para o 26 de outubro de 2016.

Asdo:.......................................................

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

## Comunicado da Xunta de Delegados/as

A XUNTA DE DELEGADOS DO IES MUGARDOS REUNIDA O DÍA 20 DE OUTUBRO, DECIDE CONVOCAR FOLGA OS VINDEIRO DÍA 26 DE OUTUBRO POLA NECESIDADE DE DEFENDER A EDUCACIÓN PÚBLICA ANTE AS REVÁLIDAS.

POR ISO A XUNTA DE DELEGADOS DO IES MUGARDOS DECIDE APOIAR A LOITA POLOS DEREITOS DOS ESTUDANTES.

OS CURSOS ABAIXO FIRMANTES SON COÑECEDORES DA FOLGA QUE SE VAI A CONVOCAR O DÍA ESTABLECIDO. COMO TAMÉN TODOS OS DELEGADOS PEDIMOS NAS CLASES AS FIRMAS DOS ALUMNOS CONFORME SON COÑECEDORES DE DITA FOLGA.

3° ESO A

3° ESO B

4° ESO

1° BAC A

1° BAC B

2° BAC A

2° BAC B

---


**ANPA "O Castro"**
IES de Mugardos

Monte da Pandoira, s/n
15620 – Mugardos, A Coruña
CIF: G-15244114
e-mail: anpaocastro@hotmail.com


A ANPA "O Castro" informa á dirección do IES de Mugardos que na asemblea xeral do pasado martes acordouse secundar a folga do 26 de outubro convocada polo Sindicato de Estudantes en contra das reválidas da LOMCE. Unímonos así á Confapa e á Plataforma pola Defensa do Ensino Público.

CONFAPA GALICIA
Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos

***10 PORQUÉS OU RAZÓNS PARA QUE NAIS E PAIS FAGAMOS FOLGA CONTRA AS REVÁLIDAS BALEIRANDO AS AULAS O 26 DE OUTUBRO.***

*1. Son un modelo pedagóxico arcaico.*

*2. Os nosos fillos e fillas poden ficar fóra do sistema educativo.*

*3. Deslexitiman ao docente.*

*4. Son realizadas por persoas alleas aos nosos fillos e fillas.*

*5. Negáselle unha titulación aos nosos estudantes.*

*6. Frenan o acceso ao Bacharelato e a Universidade.*

*7. Están cuestionadas por toda a Comunidade Educativa.*

*8. Buscan un negocio para uns poucos.*

*9. Son precarias e sen tempo de preparación.*

*10. Loitamos pola educación das nosas fillas e fillos.*

***OU CONSEGUIMOS A SÚA DERROGACIÓN, OU CANDO CHEGUE A DATA FARANSE.***

***O 26 DE OUTUBRO FAGAMOS FOLGA BALEIRANDO AS AULAS POLO FUTURO DAS NOSAS FILLAS E FILLOS.***

- ***NON AS REVÁLIDAS***
- ***DERROGACIÓN DA LOMCE***
- ***REVERSIÓN DOS RECORTES NO ENSINO PÚBLICO.***

O Presidente,

Luis Manuel Brage Varela

Mugardos, 24 de outubro de 2016